

RESOLUCIÓN REITORAL DE 22 DE MARZO DE 2021, POLA QUE SE ESTABECE O PROCESO DE SELECCIÓN DE TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE MÁSTER IMPARTIDAS POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC), NO CURSO ACADÉMICO 2020/2021, PARA OPTAR Á CONCESIÓN DE MENCIÓN DE EXCELENCIA.

Mediante a Orde do 2 de marzo de 2021, (Diario Oficial de Galicia do 16 de marzo) a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, establece as bases reguladoras e convoca, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de mención de excelencia na Comunidade Autónoma de Galicia a un máximo de tres titulacións universitarias oficiais de máster impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG).

Esta distinción pretende favorecer a posta en marcha de medidas de mellora da calidade na oferta de másteres universitarios nas universidades do SUG, nunha aposta polo futuro da Comunidade Autónoma de Galicia, de cara a satisfacer a necesidade de formación especializada, tanto profesionalizante como de carácter investigador, e permitirá a estas titulacións contar cunha diferenciación e identificación coa calidade e o prestixio, potenciar a actividade docente e investigadora e incrementar o seu atractivo e capacidade de retención de talento.

En cumprimento do disposto na precitada Orde, **resolvo** convocar un proceso de selección entre titulacións de Máster Universitario que se imparten na UDC, no curso académico 2020/2021, coa finalidade de seleccionar as tres titulacións que se presentarán para optar á obtención da mención de excelencia na Comunidade Autónoma de Galicia, que se rexerá polas seguintes,

BASES:

Primeira. Participantes:

Poderán participar nesta convocatoria as Facultades e Escolas da UDC, que deberán presentar de forma priorizada aquelas titulacións de máster universitario que estean impartindo no presente curso académico.

O número de titulacións a presentar non poderá ser superior o 50% do total de másteres universitarios que correspondan a cada centro, e nun número máximo de tres titulacións por cada Facultade ou Escola. Este límite non será de aplicación no caso de que o centro imparta tan só un título de máster.

Segunda. Requisitos:

Os títulos para os que se solicite a mención de máster universitario excelente deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser títulos de máster universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, que contén coa autorización de impartición da Comunidade Autónoma.

Código Seguro De Verificación	rQ591IVxLwNfH2yaibw4Kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	22/03/2021 14:52:19
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rQ591IVxLwNfH2yaibw4Kw==		



2. Que veñan sendo impartidos por algunha das universidades do SUG de xeito ininterrompido, como mínimo, desde o curso 2017/18 e que continúe impartíndose na actualidade.

Terceira. Forma e prazo de presentación de solicitudes:

As Facultades e Escolas presentarán na Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, a través de correo electrónico (voaid@udc.es) as súas solicitudes debidamente cubertas por cada título conforme os Anexos I e II da presente convocatoria, acompañando a documentación necesaria.

O prazo de presentación remata o día 22 de abril de 2021.

Cuarta. Selección:

O órgano competente de efectuar a selección das propostas presentadas é a Comisión de Plans de Estudos (CPE), delegada do Consello de Goberno da UDC, que aplicará os criterios de valoración e puntuación que constan no Anexo II desta convocatoria, segundo o establecido no artigo 9 da Orde do 2 de marzo de 2021 xa mencionada.

Esta Comisión poderá requirir ás Facultades e Escolas as emendas necesarias no caso de que as solicitudes carezan dalgún requisito dos establecidos nesta convocatoria, dándolles o prazo correspondente para cumprir co disposto na orde precitada.

No caso de que algunha das titulacións propostas sexa interuniversitaria, só poderá formar parte da solicitude que a UDC presente á convocatoria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en caso de que tamén sexa seleccionada para participar en dita convocatoria por parte das demais universidades do SUG que participen na titulación.

A selección provisional farase pública no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade, para que no prazo que se estableza pola CPE os centros participantes podan presentar alegacións.

Quinta. Acordo da Comisión:

Unha vez examinadas as alegacións, no seu caso, a CPE adoptará o acordo mediante o que se efectúa a selección definitiva dos tres títulos de Máster Universitario que serán presentados, mediante solicitude dirixida á Secretaría Xeral de Universidades, na forma e prazo determinados no artigo 4 da Orde do 2 de marzo de 2021, xunto coa documentación complementaria necesaria prevista no seu artigo 5.

Sexta. Norma derradeira:

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Código Seguro De Verificación	rQ591IVxLwNfH2yaibw4Kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	22/03/2021 14:52:19
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rQ591IVxLwNfH2yaibw4Kw==		



As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña,
O reitor,
PD (RR 14/01/2020)
A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente
Nancy Josefina Vázquez Veiga

Código Seguro De Verificación	rQ591IVxLwNfH2yaibw4Kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	22/03/2021 14:52:19
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rQ591IVxLwNfH2yaibw4Kw==		



ANEXO I
Memoria descriptiva

Denominación do título			
-------------------------------	--	--	--

Responsable do título (coordinador/a)			
1º apelido			
2º apelido			
Nome			
DNI			
Categoría profesional			

Requisitos para solicitar a mención			
Denominación do máster universitario oficial			
Centro/s onde se imparte o título			
Título conxunto (si/non)	Si ☐	Non ☐	
Universidades participantes (indicar universidade coordinadora)			
Natureza do centro universitario	Propio ☐	Adscrito ☐	
Data publicación DOG			
Código RUCT			
Rama de coñecemento			
Curso inicio impartición do máster universitario			
Impartición ininterrompida desde o curso 2016/17	Si ☐	Non ☐	
Alumnos matriculados	<u>2017/18</u>	<u>2018/19</u>	<u>2019/20</u>

Código Seguro De Verificación	rQ591IVxLwNfH2yaibw4Kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	22/03/2021 14:52:19
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rQ591IVxLwNfH2yaibw4Kw==		



ANEXO II

Memoria xustificativa

Documentación acreditativa dos criterios avaliados

a) aspectos xerais do máster	Puntuación: ata 25 puntos	documentación que achega:
Taxa de ocupación (prazas ocupadas*/prazas ofertadas) *matrícula real	5 puntos	
Entidades públicas e privadas que colaboren directamente co máster	6 puntos	
Probas de acceso do alumnado	5 puntos	
Porcentaxe de alumnado estranxeiro con matrícula ordinaria (excluídos programas de mobilidade)	2 puntos	
Existencia de tutorización e mentorización individuais	7 puntos	
b) profesorado do máster	Puntuación: ata 15 puntos	documentación que achega:
Méritos relevantes do profesorado funcionario da universidade solicitante	10 puntos	
Adecuación do currículo docente e investigador do profesorado cos contidos que imparten no máster	2 puntos	
Prestixio e recoñecemento do profesorado externo á universidade responsable do título	3 puntos	
c) estratexia	Puntuación: ata 20 puntos	documentación que achega:
Visión, misión e desenvolvemento futuro do máster	1 puntos	
Plan de xestión do máster para os vindeiros cinco cursos académicos	14 puntos	
Escenario de mellora no caso de obter o recoñecemento de mención de máster	5 puntos	
d) plan de estudos	Puntuación: ata 15 puntos	documentación que achega:
Porcentaxe de créditos prácticos no plan de estudos vixente (excluídas as prácticas externas obrigatorias)	5 puntos	
Porcentaxe de prácticas obrigatorias en empresas	4 puntos	
Emprego de metodoloxías docentes innovadoras	6 puntos	
e) resultados	Puntuación: ata 25 puntos	documentación que achega:
Resultados das enquisas de satisfacción do alumnado	5 puntos	
Seguimento dos egresados no mercado laboral	10 puntos	
Indicadores externos de recoñecemento do máster (artigos, ránking)	10 puntos	
f) emprendimento	Puntuación: ata 10 puntos	documentación que achega:
Existencia ou compromiso de implantación no curso 2022/23 dun módulo vinculado directamente cunha formación en emprendimento e autoemprego	10 puntos	

Sinatura do responsable do título (coordinador/a). Lugar e data.

Código Seguro De Verificación	rQ591IVxLwNfH2yaibw4Kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	22/03/2021 14:52:19
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rQ591IVxLwNfH2yaibw4Kw==		

